

**Xornada formativa :****“ A SAÚDE DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO “**

O IV Plan integral de igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Vigo, marca as directrices que orientan a actividade da Administración local en materia de Igualdade durante o período 2009-2012 .

O IV plan adícalle o seu EIXE 3 á “Saúde integral”, co obxectivo xeral de introducir a perspectiva de xénero nos aspectos relacionados coa saúde da poboación.

A área 1 do dito Eixe 3, “Educación en Igualdade” sinala, entre outras accións, a posta en marcha de accións formativas que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres, tratanto entre outros aspectos, temas relacionados cos dereitos sexuais e reprodutivos, así como accións de sensibilización, especialmente dirixidas ao persoal sanitario que dende o modelo biopsicosocial aborden o xénero como elemento determinante na saúde integral das mulleres e nenas.

O desenvolvemento destas actuacións redundan na mellora global da situación de igualdade, tanto en termos de execución do IV plan como polo efecto multiplicador que posúe a formación e a sensibilización dirixida a axentes clave do territorio como son as e os profesionais da sanidade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS :

- ☀ **Iniciar unha campaña de concienciación tanto formativa como informativa sobre os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres.**
- ☀ **Analizar o “xénero” como elemento determinante na saúde das mulleres e nenas.**
- ☀ **Concienciar sobre os riscos de saúde das mulleres vinculados cos roles de xénero.**

RELATORIOS :

Mércores, **17 de outubro** ás 19.00 h. **“Dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres”**
Intervén: Cristina Pastoriza Ferradás. *Psicóloga.*

Xoves, **18 de outubro** ás 18.30 h. **“Sexualidade e madurez : a danza das bolboretas”**
Intervén: Mónica Couso Fuentes. *Sexóloga.*

Mércores, **24 de outubro** ás 19.00 h. **“Unha ollada á saúde desde a perspectiva de xénero”**
Intervén: Carmen Albo López. *Hematóloga.*

Xoves, **25 de outubro** ás 19.00 h. **“A saúde emocional”**
Intervén: Carmen Clavería Prada. *Psicóloga.*

Mércores, **31 de outubro** ás 19.00 h. **“Impacto das novas reformas sanitarias na saúde das mulleres”**
Interveñen: Cristina Pastoriza Ferradás e Carmen Albo López

Lugar: CASA DAS MULLERES, rúa Romil, 20 (Vigo)
Inscripcións: inscrición previa antes do día 16 de outubro na Concellería de Igualdade T: 986 810 284
(Prazas limitadas)

